

Nova exposición en itinerancia: De Ana M^a Gómez a Maruja Mallo

Con esta exposición **De Ana M^a Gómez a Maruja Mallo** preténdese dar a coñecer e difundir a obra de Maruja Mallo que se conserva no Museo Provincial de Lugo. O proxecto nace coma unha colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para pechar o ano que a Real Academia Galega de Belas Artes dedicou á artista Maruja Mallo (Viveiro, 1902 – Madrid, 1995)



Maruja Mallo: pensionada da Deputación de Lugo

Maruja Mallo foi unha artista revolucionaria, vangardista, transgresora e adiantada ao seu tempo. Pintora, debuxante, ceramista, escenógrafa e escritora. A súa carreira caracterizouse por un continuo proceso de experimentación, acadando o éxito en todas as etapas da súa traxectoria artística.

O 26 de xuño de 1926, a Deputación de Lugo concédelle unha pensión por un ano para continuar os estudos que iniciara en 1922 na Escola de San Fernando de Madrid, que posteriormente ampliárase por dous anos máis.

Durante estes tres anos, Maruja Mallo entrega á Deputación de Lugo cinco obras da súa autoría en compensación pola axuda recibida e para mostrar os adiantos nos seus estudos de pintura. Estas obras forman parte da colección de obras dos pensionados desta institución e actualmente pódense ver nas salas 13 e 24 do Museo Provincial de Lugo.

Os traballos que Maruja Mallo entregou á Deputación de Lugo son:

Un retrato a carbonciño dunha muller de busto datado en 1927, outros dous retratos de muller, óleos sobre lenzo, un estudo do natural e “Guía postal de Lugo”, datado en 1929.

Maruja Mallo no Museo Provincial de Lugo

As obras de Maruja Mallo repártense entre dúas salas no Museo Provincial de Lugo. Na sala número 13, situada na planta primeira do edificio, na sección da Arte Galega, dedicada ás vangardas artísticas, ademais dos cadros realizados durante a etapa da súa formación académica pódense ver outros dous executados en momentos diferentes dentro da súa traxectoria artística.

Na sala 24, dedicada a debuxo e gravado galegos, móstrase un pequeno retrato a lapis entregado pola artista á Deputación tamén en compensación da súa beca.

A exposición consta de:

Catro estruturas en forma de cubo de 2 x 1.30 m. realizadas en materiais adaptados para exterior, sobre as que se reproducen fotografías das obras conservadas no MPL (4 óleos sobre lenzo sen título, “Arquitectura mineral” (1930), “Guía postal de Lugo” (1929) e “Agol»” (1969)).